

AVISO SENTIMENTAL

Lembranza d'un home representativo

[Betanzos dos Cabaleiros! Quien queira falar ben de ti haberá de lembrarse d'un cabaleiro betanceiro que dorme o derradeiro sono no cimeterio pendurado com'un xardin melancónico sobr'a meiga paisaxe da túa ría: aquél García Acuña ó que non poden esquencer cantós na lus da súa sonrisa aristárquica víronll'a i-alma toda nobreza, xenerosidade e cultura, alma exquisita, irmá xemeia da do señor de Gondomar, que foi coma él espello de cónsules galegos ó servizo da Hespaña.

Com'o Dante percisou de Virxilio para percorrer os circos do Inferno e com'o o noso Cúrrios percisou d'Anión para entrar polos vagóns dos sete pecados capitais, aqueles que sintan o verdadeiro degaro de coñeceren de xeito íntimo e fervoroso a i-alma adormecida e bela da terra brigantina, terán que buscal-a guía espiritoal do Rodenbach betanceiro. Porque «La Mariniana» de García Acuña é o semello na literatura do noso país á «Brujas la muerta» nas letras belgas.

Todo homenaxe a Betanzos ten que ser un homenaxe a García Acuña, a aquel home bô que midiu sempre co'a mesma sonrisa cristianamente comprensiva a amigos e nemigos; ten que ser iso ou o viceversa categórico.

As cinzas do máis outo cantor da soedosa e silente urbe betanceira que recreia o sono vefusto da súa historia com'un vello Narciso fidalgo na i-auga queda da ría que peitean antergas pontes de pedra, xa andan misturadas c'os maino ár que bica todo. Nas verdecentes marismas, no mosaico de leiras como mendos d'un fatelo de probe zurcido con fíos de suor labrego, no pentagrama de viñas—evocación de ledicias báquicas—, nas portas históricas ond'aníñaron as leendas, nas rúas encosta, nos amplios balcóns frolidos, nas eirexas d'antigo estilo —porcos bravos dos Andradez que na vosa eternidade de pedra gardades o segredo das xestas dos Lanzós e as fazanas dos Irmandiños!—, onde queira o espírito de García Acuña, gran cabaleiro da cibdad dos cabaleiros, áchase omnipresente.

Cando polas tristes celosias d'aquel vello e homildosíño mosteiro que mollla seus franciscanos pes no río (a cuias orelas dormen no lamal tumbadas as embarcaciós fluviais) penéiranse os rezos das freiras que n'él acougán, e voan no luar como anxos invisíbeis, eu penso que renden culto á i-alma mariniana que grorificou nas súas ledicias e nas súas doores García Acuña.

Tod'o encanto da encantada vila dos Andradez agarima a lembranza d'aquel cabaleiro da señorrial sonrisa, que roeron os vermes da morte na friaxe dos seus labios para trocárense en vermes de lus. E os porcos bravos de pedra dos Andradez bicanlle o espírito, ollando foscamente ós exóticos lións de cemento, emblema do pseudoarte que yeu pol-o mar.

† A. VILLAR PONTE

